



Debemos deixar de comer peixe para salvar os océanos?

Ernesto Penas Lado¹

A pregunta non é retórica. E cada vez máis xente, incluíndo importantes organizacións non gobernamentais (ONG) ou coñecidos medios (como o británico *The Guardian*), así como importantes personalidades, dannos a súa particular resposta: hai que deixar de comer peixe porque a actividade pesqueira representa unha ameaza para a biodiversidade e para o equilibrio dos ecosistemas mariños. Quen fan esa recomendación preocupáanse polo medio ambiente mariño, pero tamén con frecuencia corresponde a grupos de presión vexetarianos que, en paralelo, opóñense igualmente ao consumo de carne.

Este tipo de proposta, aínda que por agora minoritaria, está a adquirir carta de natureza en moitos mozos do mundo occidental, ao socairo da nova sensibilidade social sobre a degradación dos ecosistemas terrestres, os efectos da nosa civilización sobre o cambio climático e unha forte tendencia cara á protección de todo tipo de animais, e non só dos máis desenvolvidos ou carismáticos.

Esta nova conciencia ambiental chegou para quedar, e hoxe en día xa ten unha enorme influencia na política, por exemplo na Unión Europea, onde as políticas verdes se están a converter

1 Ernesto Penas Lado é biólogo. Foi funcionario de carreira da Comisión Europea, na Dirección Xeral de Pesca, onde chegou a ser director. É autor do libro *La proteína azul. Por qué no hay que dejar de comer pescado* (Ed. Almuzar). Foi negociador da UE en numerosas organizacións rexionais de pesca (NAFO, ICCAT, CTOI, IATTC, NASCO, CGPM etc.)/ etc.) e xefe de unidade da política de conservación de recursos.